



)xanela de (

proxectos(

SEGUNDA EDICIÓN

2021/2022

1. Que é a Xanela dos Proxectos?	2
2. Obxectivo xeral	2
2.1. Obxectivos específicos	
3. Liñas programáticas prioritarias da II edición	3
3.1. Liñas programáticas	
4. Características da convocatoria	4
4.1. Temporalidade	
4.2. Orzamento	
4.3. Ámbito xeográfico	
4.4. Idioma	
5. Quen pode participar?	4
6. Presentación dos proxectos	5
7. Proceso e calendarización	6
8. Selección de proxectos	7
9. Criterios de avaliación	7
9.1. Procedemento de avaliación	
9.2. Comité Avaliador	
10. Valoración final dos proxectos seleccionados e presentación	10
10.1. Puntuación do Comité Avaliador	
10.2. Rede da Marea Atlántica	
10.3. Presentación dos proxectos	
11. Execución dos proxectos	11
11.1. Publicidade e publicacións	
12. Obrigas dos/as beneficiarios	12
12.1. Aceptación das bases	
12.2. Cumplimento da lexislación vixente	
12.3. Formalización e condicións do pago	
12.4. Extinción / rescisión solución (causas e consecuencias)	
13. Seguimento e xustificación	13
ANEXO: Informes	

1. Que é a Xanela dos Proxectos?

A Marea Atlántica naceu como unha plataforma cidadá para trasladar ao eido institucional os valores que caracterizan á nosa cidade e ás súas xentes: os dunha vila atlántica e heteroxénea, de carácter aberto, avanzado, solidario, tolerante e igualitario. Dende o noso compromiso coa cidade naceu no 2020 a primeira edición da **Xanela dos Proxectos**, coma unha convocatoria anual que busca apoiar economicamente proxectos sociais que contribúan á transformación social, política e económica cara a un modelo de cidade mais xusto, equitativo e sostible.

Os cartos cos que se financia esta Xanela de Proxectos proveñen das aportacións económicas (excedentes salariais) que realizan os cargos públicos da Marea Atlántica no Concello da Coruña e na Deputación da Coruña en aplicación do noso Código Ético.

Segundo os textos estatutarios da Marea Atlántica, establécese un límite salarial para os cargos electos así como para o persoal eventual, co compromiso de que "A Marea Atlántica promoverá, a través dos seus excedentes salariais, unha convocatoria anual de proxectos para apoiar iniciativas sociais e de innovación na cidade. Así coma toda aquela iniciativa que contribúa ao fortalecemento do tecido e os movementos sociais da cidade a proposta da Rede.

Na primeira edición da Xanela de Proxectos presentáronse un total de 19 propostas de proxectos, todos eles moi interesantes e con aplicación directa na nosa cidade. Os resultados da I Edición: www.mareatlantica.org/resultados-provisionais-da-xanela-de-proxectos/

Dende a Marea Atlántica animamos a participar a toda a cidadanía organizada, porque soamente xuntas e dende abaixo podemos facer posible o cambio.

2. Obxectivo xeral

- Apoiar iniciativas e proxectos que impulsen cambios necesarios para fortalecer a sociedade post-pandemia.

2.1. Obxectivos específicos

- Contribuír á transformación da Coruña cara a unha cidade máis próxima, solidaria e aberta.
- Impulsar a creación de proxectos sociais innovadores que procuren o impulso da creatividade, a xustiza social e de novas comunidades políticas.
- Fortalecer o tecido social da cidade.

3. Liñas programáticas prioritarias da II edición

Para esta segunda edición, tendo en conta a realidade social e económica na que nos atopamos, e unha vez feitas as valoracións sobre a primeira edición, os resultados dos proxectos desenvolto etc, dende a Marea Atlántica establecemos que hai dúas liñas programáticas que teñen que estar presentes en todos os proxectos, ben sexa de xeito transversal ou como liña principal do proxecto:

- **Feminismo:** As iniciativas deben incorporar unha perspectiva feminista e de transversalidade de xénero.
- **Ecoloxismo:** As iniciativas deben basearse nunha perspectiva ecolóxica e medioambiental.

A maiores destas liñas principais ou transversais, establecemos as seguintes liñas programáticas que se terán en conta á hora da valoración dos proxectos:

3.1. Liñas programáticas:

- **Vivenda:** Valoraranse iniciativas comprometidas co dereito á vivenda. Dende campañas ou proxectos de sensibilización, creación de plataformas pola defensa dos dereitos das persoas neste campo, etc.
- **Mobilidade:** Valoraranse iniciativas comprometidas cunha mobilidade sostible e saudable.
- **Saúde:** Valoraranse iniciativas comprometidas coa saúde pública.
- **Coidados:** Valoraranse iniciativas que traten a corresponsabilidade nos coidados, a posta en valor dos mesmos así coma iniciativas para mellorar a calidade de vida das persoas que exercen o rol de coidadoras.
- **Dereitos civís:** Valoraranse iniciativas comprometidas con proxectos de recoñecemento e mantemento dos dereitos civís.
- **Consumo responsable, comercio de proximidade:** Valoraranse iniciativas que traten estas temáticas.
- **Cultura:** Valoraranse iniciativas culturais e de reforzo do tecido cultural local.
- **Dinamización socio-comunitaria:** Valoraranse iniciativas con incidencia directa nos barrios da cidade da Coruña, que traballen a cohesión, o sentimento de pertenza, e desenvolvan metodoloxías e accións de dinamización sociocomunitaria.
- **Feminismo:** Valoraranse iniciativas feministas e de transversalidade de xénero, de loita polos dereitos das persoas dos colectivos LGTBIQ+, de formación e sensibilización, etc.
- **Ecoloxismo:** Valoraranse as iniciativas que desenvolvan unha perspectiva ecolóxica e medioambiental, abordando problemas coma o cambio climático e a perda de biodiversidade.

4. Características da convocatoria

As iniciativas que se presenten poderán ser proxectos novos ou ben proxectos xa iniciados que precisen apoio para a súa continuidade sempre e cando sexan congruentes coas liñas programáticas establecidas nesta convocatoria.

4.1. Temporalidade

Trátase dunha convocatoria anual correspondente ao ano 2021.

4.2. Orzamento

O importe total da II Xanela de Proxectos nesta convocatoria incrementase ata os 12.000€.

O financiamento dos proxectos pode ser total ou parcial. No caso de ser parcial, será obrigatorio informar das outras vías de financiamento do proxecto.

A cuantía máxima aportada pola Marea Atlántica por proxecto será de 2.000 €.

4.3. Ámbito xeográfico

Os proxectos presentados deberán ter o seu ámbito de actuación preferente na cidade da Coruña.

4.4. Idioma

Os proxectos deberán presentarse en lingua galega, así como as xustificacións e memorias. Sempre que sexa posible en función do proxecto en si mesmo, desenvolverase en lingua galega.

5. Quen pode participar?

Calquera entidade xurídica, asociación, fundación ou cooperativa sen ánimo de lucro que teña o seu ámbito de actuación na cidade da Coruña.

Os requisitos legais e internos dos equipos participantes serán os seguintes:

- Poderán presentarse á convocatoria as entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica recoñecida pola lei, é decir, asociacións, fundacións e cooperativas sen ánimo de lucro. A persoa que habitualmente represente á entidade estará lexitimada para facer todas as actuacións.
- Os proxectos seleccionados terán que presentar unha declaración responsable, asinada pola persoa que faga de representante legal, de estar ao día de calquera obriga legal, dos pagos tributarios e da seguridade social.

Quedan excluídas desta convocatoria:

- Entidades privadas con ánimo de lucro.
- Calquera entidade que non estea ao día das obrigas legais, dos pagos tributarios e/ou da seguridade social.
- Persoas da Marea Atlántica que participasen na elaboración destas bases ou ben estean no Comité Avaliador.
- Entidades que se presentasen á primeira edición e non cumprisen co convenio acordado.

6. Proceso de presentación dos proxectos

As entidades solicitantes deberán cubrir o formulario de inscrición da Xanela dos Proxectos que se mostra a continuación e que estará dispoñible na páxina web da

Marea Atlántica:

Ligazón: mareatlantica.org/xanela-de-proxectos

Campo	Descrición
Nome do proxecto	O nome
Finalidade	Breve resumo ou finalidade da proposta
Entidade	Breve información sobre a entidade solicitante
Datos de contacto	Nome da persoa de contacto, teléfono, mail
Antecedentes do proxecto	<p>Proxecto novo</p> <p>Proxecto que continúa</p>
Motivación/xustificación	A que necesidade responde a iniciativa?
Liñas programáticas	<p>De que maneira incorpora as perspectivas feminista e medioambiental no proxecto.</p> <p>En que outras liñas programáticas se basea o proxecto?</p>
Metodoloxía	Breve descrición de cómo se desenvolve ou se leva a cabo facendo especial fincapé nos vínculos e no desenvolvemento comunitario do proxecto e nas persoas participantes do proxecto.
Obxectivo principal	Cal é o obxectivo principal da proposta/proxecto

Orzamento do proxecto	Memoria introdutoria que xustifique a necesidade dos cartos, a cantidade e detalle o máis posible o seu destino.
Financiamento	<p>A Xanela dos Proxectos é a única fonte de financiamento</p> <p>Varias fontes de financiamento (cales)</p>
Coorganización	<p>Única entidade organizadora</p> <p>Proxecto organizado xunto con outra entidade. Cal? ____</p> <p>Proxecto organizado xunto con varias entidades. Cales? ____</p>
Existen relacións con outras entidades sociais da cidade? Cales?	Un breve resumo da implicación e/ou colaboración da entidade solicitante cos movementos sociais ou loitas veciñais da cidade.
Cal é a base social da entidade no sector ou territorio onde se desenvolverá o proxecto?	Un breve resumo do asentamento da entidade solicitante no sector ou territorio respecto ao que presenta o proxecto.

A inscrición nesta convocatoria de proxectos implica que a entidade social declara que é un proxecto propio e que non vulnera ningún dereito de terceiras persoas en canto a propiedade intelectual, industrial ou de calquera tipo, e exime á Marea Atlántica de calquera responsabilidade que se derive do incumplimento desta obriga.

7. Proceso e calendarización

Proceso	Data
Constitución do Comité Avaliador	23 de xullo 2021
Publicación da convocatoria	26 de xullo 2021
Plazo de presentación dos proxectos	Do 27 de xullo ao 13 de setembro 2021
Avaliación do Comité Avaliador e a Rede	Do 14 ao 26 de setembro de 2021
Publicación dos resultados	27 de setembro 2021
Emendas	Do 28 ao 30 de setembro 2021
Publicación de resultados definitivos	4 de outubro 2021
Plazo de seguimento e realización dos proxectos	<p>Ata seis meses dende a adxudicación definitiva e sinatura dos convenios.</p> <p>A xustificación económica farase en dous tramos:</p> <p>1º) Ata o 31 de decembro de 2021</p> <p>2º) Dende o día 1 de xaneiro do 2022 ata a data de finalización de cada proxecto</p>

8. Selección de proxectos

Todos os proxectos teñen que cumprir cos [principios básicos da Marea Atlántica](#) de xustiza social, sostenibilidade, participación cidadá, transparencia e compromiso ético. Non se admitirán a avaliación proxectos que non respecten os dereitos humanos.

O número de proxectos que reciban financiamento da Marea Atlántica na convocatoria virá determinado pola baremación recibida e a cantidade solicitada por cada proxecto. O último proxecto da convocatoria en recibir financiamento será aquel que coa puntuación máis baixa, poda recibir o financiamento íntegro solicitado.

9. Criterios de avaliación

Os proxectos presentados valoraranse en base aos seguintes criterios:

- Criterios vinculados ao proxecto
- Criterios vinculados á entidade solicitante

Baremos	Valor máximo	Gradación
Criterios de Avaliación do Proxecto		
Innovación	5	
Proposta innovadora	5	0-5 puntos
Continuidade dunha proposta existente por resultados positivos / experiencia exitosa	5	0-5 puntos
Liña programática	50	
Vivenda	5	0-5 puntos
Cultura	5	0-5 puntos
Dinamización socio-comunitaria	5	0-5 puntos
Coidados	5	0-5 puntos
Dereitos civís	5	0-5 puntos
Consumo responsable / comercio de proximidade	5	0-5 puntos

Mobilidade	5	0-5 puntos
Saúde	5	0-5 puntos
Feminismo	5	0-5 puntos
Ecoloxismo	5	0-5 puntos
Proxecto	20	
Os obxectivos do proxecto axústanse aos principios da Marea Atlántica	10	0-10 puntos
A metodoloxía é correcta para conseguir eses obxectivos	5	0-5 puntos
O contido do proxecto axústase ás liñas programáticas plantexadas	5	0-5 puntos
Singularidade	10	
Coorganización con outras entidades	10	0-10 puntos
Puntuación total		

Baremos	Valor máximo	Gradación
Criterios de Avaliación da Entidade	20	
Implicación e/ou colaboración cos movementos sociais ou loitas veciñais da cidade	10	O Comité Avaliador determinará os puntos concedidos a cada entidade en base á información declarada por esta entre 0 e 10 puntos.
Base social da entidade no sector ou territorio respecto ao que presenta o proxecto	10	O comité avaliador determinará os puntos concedidos a cada entidade en base á información declarada por esta entre 0 e 10 puntos.
Puntuación total	20	

9.1. Procedemento de avaliación

O Comité Avaliador realizará unha avaliación conxunta dos proxectos nos prazos establecidos. Se hai algunha dúbida nalgún dos puntos a valorar dun proxecto, poderán solicitar máis información ou aclaración ao respecto.

9.2. Comité Avaliador

O Comité estará formado como mínimo por 3 persoas activas da Marea Atlántica que teñan experiencia en valoracións similares e/ou no asociacionismo e desenvolvemento de proxectos sociais.

- Unha persoa do Grupo Institucional da Marea Atlántica.
- Unha persoa da Coordinadora da Marea Atlántica.
- Entre unha e tres persoas do grupo de persoas activas da Marea Atlántica.

NOTA: No caso de recibir unha gran cantidade de proxectos, considerarase a posibilidade de ampliar o número de persoas que conformen o comité de avaliación.

10. Valoración final dos proxectos seleccionados e presentación

10.1. Puntuación do Comité Avaliador

É directamente a puntuación obtida polos proxectos tras a valoración do Comité Avaliador.

10.2. Presentación dos dez proxectos con maior puntuación do Comité Avaliador nunha Rede da Marea Atlántica

Unha vez o Comité Avaliador realice a súa avaliación de todos os proxectos presentados, se realizará unha Rede.

A Rede está composta polas persoas activas, é dicir, todas as persoas que estean integradas nalgún dos grupos, mareas, proxectos ou actividades da Marea Atlántica e que realizen o proceso de benvida e acompañamento.

Nesta Rede presentaranse os dez proxectos con maior puntuación obtida da avaliación realizada polo Comité Avaliador, e serán as persoas presentes nesa Rede as que seleccionarán os cinco proxectos que valoren que máis se adaptan ás necesidades reais da cidade e aos principios da Marea Atlántica.

Cada persoa da Rede (a excepción das do Comité) votará con 30, 25, 20, 15 ,10 e 5 puntos os proxectos que valoren deben ser os seleccionados nesta segunda convocatoria da Xanela de Proxectos, en base aos criterios establecidos e a súa concordancia cos valores e principios da nosa organización.

A suma da votación na Rede e o resultado do Comité Avaliador será o que determine a puntuación final obtida por cada proxecto.

En caso de empate a puntos de dous ou mais proxectos, será o Comité Avaliador quen decida o desempate en base á concordancia dos principios da Marea Atlántica cos obxectivos dos proxectos presentados.

10.3. Presentación dos proxectos

De ser posible coas medidas sanitarias que se tomen fronte á crise da COVID, farase unha xornada pública de presentación dos proxectos, aberta á cidadanía e que se organizará en colaboración coas entidades solicitantes.

11. Execución dos proxectos

O prazo de execución será nos seis meses seguintes á sinatura do convenio entre as partes.

Os proxectos seleccionados poderán solicitar unha prórroga vía correo electrónico especificando e xustificando os motivos da mesma, así coma unha previsión de reaundación dos mesmos.

O Comité Avaliador decidirá a aprobación ou non das prórrogas e responderá nun prazo non superior a unha semana vía email.

11.1. Publicidade e publicacións

Os proxectos seleccionados visibilizarán a colaboración da Marea Atlántica, e participarán nos actos convocados pola Marea Atlántica relacionados con esta

convocatoria de proxectos.

Dita visibilización terá lugar por medio da colocación do logotipo da Marea Atlántica nos materiais dos proxectos, e a mención específica de que se trata dun proxecto financiado/cofinanciado dende a Xanela de Proxectos da Marea Atlántica na difusión ou publicidade, ou calquera outra forma establecida na sinatura dos convenios con cada entidade.

12. Obrigas das entidades beneficiarias

12.1. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria suporá a aceptación dos requisitos que se establecen nas presentes bases e aqueles particulares que se podan establecer para cada proxecto seleccionado (na forma dun convenio específico) nas que se atoparán fórmulas de seguimento dos proxectos que serán de obrigado cumprimento. O incumprimento de calquera destes requisitos suporá a revogación da axuda e a súa conseguinte devolución.

12.2. Cumplimento da lexislación vixente

Os proxectos gañadores desta convocatoria comprométense, na súa execución, a cumprir a lexislación vixente, principalmente en materia de dereitos fundamentais. Neste sentido, é moi importante que as actividades correspondentes respecten en todo momento o dereito á privacidade na forma establecida pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais lexislación aplicable.

Os proxectos que teñan como destinatarias ás persoas menores de idade ou pertencentes a calquera colectivo especialmente vulnerable, deberán asegurar o cumprimento da lexislación que lles afecte en materia de protección.

A inscrición nesta convocatoria de proxectos implica que a entidade social declara que é un proxecto propio e que non vulnera ningún dereito de terceira persoas en canto á propiedade intelectual, industrial ou de calquera tipo, e exime á Marea Atlántica de calquera responsabilidade que se derive do incumplimento desta obriga.

12.3. Formalización e condicións do pago

A concesión da axuda formalizarase mediante un convenio entre Marea Atlántica e cada unha das entidades beneficiarias (convenio tipo para cada un dos proxectos seleccionados). Realizarase un pago único no momento da sinatura do convenio.

12.4. Extinción / rescisión solución (causas e consecuencias)

O convenio relativo á axuda entenderase rescindido co incumprimento dos compromisos por calquera das partes. O convenio poderá ser rescindido no caso de incumprimento nos casos contemplados na lexislación en materia de convenios e en calquera outra que se considere oportuna establecer entre as partes no momento de formalizalo, e terá como consecuencia a devolución da axuda e a imposibilidade de aparecer en convocatorias posteriores. Marea Atlántica resérvase o dereito a emprender accións legais.

13. Seguimento e xustificación

As entidades realizarán un informe coma planificación do proxecto, previsión de actividades ou actos, e un breve informe xustificativo ao final de cada proxecto, de acordo cos seguintes criterios, que cumprirá o formato específico do ANEXO: *Informes*.

1. Informe de posta en marcha no mes do comezo da execución do proxecto.
2. Informe final nun prazo non superior aos dous meses dende á finalización do mesmo, no que se incluírá unha memoria final, a xustificación dos gastos,

fotografías e/ou material multimedia. A xustificación económica farase en dous tramos: o primeiro, dende o inicio ata o 31 de decembro de 2020, e o segundo, dende o día 1 de xaneiro de 2021 ata a data de finalización de cada proxecto.

Calquera actividade, acción, acto ou campaña que se desenvolva durante o transcurso do proxecto deberá comunicarse vía email : proxectos@mareatlantica.org

ANEXO: Informes

Informe de posta en marcha

Dispoñible online en mareatlantica.org/xanela-de-proxectos-informe-posta-en-marcha

Data:	Data da posta en marcha
Obxectivos e planificación temporal:	Breve explicación dos obxectivos a realizar e a súa planificación temporal aproximada
Colaboración:	Entidades colaboradoras e/ou movementos sociais implicados
Observacións:	Apartado adicado a outro tipo de información de interese de cara ao correcto seguimento do proxecto (cambios nos contactos, etc.)

Informe final

Dispoñible online en mareatlantica.org/xanela-de-proxectos-informe-final/

Cada entidade deberá enviar unha memoria final completa ao seguinte enderezo electrónico: proxectos@mareatlantica.org así como completar o formulario web:

Data:	Data de fin do proxecto
Resumo das accións / actividades realizadas e dos obxectivos acadados:	Resumo das accións / actividades realizadas e dos obxectivos acadados.
Presuposto executado:	Desglose orzamentario
Próximos proxectos ou proxectos derivados:	Apartado opcional onde as entidades participantes poderán describir proxectos derivados do actual ou novos proxectos nos que estean a traballar
Observacións:	Apartado adicado a outro tipo de información de interese de cara ao correcto seguimento do proxecto (cambios nos contactos, etc)

A xustificación económica farase en dous tramos:

- 1- Dende o comezo do proxecto ata o 31 de decembro
- 2- Do 1 de xaneiro ata a finalización do proxeto (no ano 2022).